

A LITERATURA GALEGA NO EXILIO. CARACTERÍSTICAS. AUTORES E OBRAS

Despois do **golpe militar** de **Franco** que provocou a guerra civil e a posterior implantación da **ditadura**, a literatura galega, ao igual que o idioma, vai entrar nun período de silencio que só comezará a romper timidamente a finais da década dos 40. Mentres, no exilio americano (sobre todo Arxentina, Uruguai e México), os intelectuais galeguistas desenvolven un intenso labor político e cultural que permite a continuidade da literatura galega, que se verá deste xeito enriquecida polo contacto con outras realidades culturais.



Chegada de Castelao á Habana en 1938

O **labor** dos **exiliados** vaise desenvolver en múltiples campos:

- a) Creación de **editoriais** (*Citania, Galicia*) que reeditarán os clásicos e publicarán as obras escritas no exilio, así como outras de difícil publicación en Galicia.
- b) **Emisións radiofónicas** (programas: *Recordando Galicia* ou *Sempre en Galiza*).
- c) **Representacións teatrais** (*Os vellos non deben de namorarse* de Castelao ou obras de Blanco Amor).
- d) Edición de **xornais** e **revistas** (*Vieiros, Galicia Emigrante, A Nosa Terra...*).
- e) Creación de **asociacións** e padroados para difundir e promover a nosa cultura.

Características da literatura no exilio:

- 1. Compromiso político galeguista e republicano.
- 2. Tanto en prosa como en poesía sempre aparece un forte **compoñente autobiográfico** (a experiencia traumática da guerra, o desterro).
- 3. Na poesía predomina a **temática cívico-social**.
- 4. O contacto coa arte e a literatura dos países latinoamericanos trae como consecuencia unha **mestizaxe cultural** que introduce temas e estilos novidosos na nosa literatura.

POESÍA

☺ **Luís Seoane** foi un home polifacético: debuxante, autor teatral, poeta...



☺ Compuxo obras poéticas como *Fardel de exiliado*, na que o


☺ tema central é a emigración. Seoane denuncia as causas da

☺ emigración e converte ao pobo galego nun heroe colectivo

☺ destacando os seus movementos ao longo da historia.

☺ Noutras obras como *Na brétema*, *Sant-iago* ou *As cicatrices* evoca a esplendorosa Galicia medieval e o noso pasado histórico. O seu estilo é realista, sobrio, sen metáforas, pero cheo de forza comunicativa.

☺ **Xesús Lorenzo Varela**. A súa mellor obra poética leva por título *Lonxe*. É un libro dominado polo pasado histórico das clases populares, as vivencias tráxicas da guerra civil, a angustia do desterro e a saudade pola terra galega tan afastada.



☺ **Emilio Pita**. Ao igual que os demais autores, tamén fala da traxedia da guerra



☺ civil e da opresión franquista nas súas obras. Destacan:

☺ *Jacobusland* ou *Cántigas de nenos*.

NARRATIVA

A narrativa creada no exilio vai ter tamén como tema central a guerra civil e a nostalxia provocada polo desterro. Como autores máis destacados, temos:


☺ **Ramón de Valenzuela**. Nas súas novelas *Non agardei por ninguén* e *Era tempo de apandar*, usa un narrador en primeira persoa e fai unha crónica do que foron os anos da guerra civil e da posguerra.



☺ **Silvio Santiago** é autor de dúas novelas que teñen moito de autobiográficas: *Vilardevós*, na que evoca a súa infancia e mocidade na súa aldea natal (Vilardevós); e *O silencio redimido*, un relato da época da súa condena, fuxida e desterro.



☺ **Antón Alonso Ríos** tamén tomará como tema central das súas obras a fuxida tras da guerra civil. Destaca o seu libro *O señor Afranio, ou como me rispei das gadoupas da morte*, unha especie de memorias nas que, a través do protagonista, conta todo o seu periplo para fuxir da persecución franquista e dunha morte segura.



TEATRO

Distinguiremos entre teatro culto e popular.

O que chamamos “**popular**” está escrito por emigrantes e enlaza coa tradición, os costumes e as crenzas que constitúen o patrimonio cultural galego. O que se persegue con el é manter viva a nosa cultura na mente dos emigrantes e facer que se sintan orgullosos de seren galegos.

Destaca neste teatro popular a **Manuel Varela Buxán**, con obras como *Taberna sen dono*, *O ferreiro de Santán*, etc. O seu é un teatro popular, de liña cómica e sentimental, ambientado no mundo rural, aínda que non exento de crítica social e anticaciquil.



Por outro lado está o teatro que se cataloga como “**culto**”, escrito polos exiliados, que pretende ser de calidade, pois busca estéticas innovadoras e incorpora as técnicas dramáticas máis modernas. Dentro desta liña “culto” podemos situar a:


☺ **Castelao**. A súa obra *Os vellos non deben de namorarse* caracterízase polo seu expresionismo e simbolismo, que se combinan con trazos humorísticos e do folclore galego.

☺ **Luís Seoane** utiliza este xénero como instrumento reivindicativo de concienciación galeguista. É un teatro de liña social, cívica e con temática histórica: *A soldadeira*, *Esquema de farsa*, etc.

☺ **Eduardo Blanco Amor**. Algunhas das súas obras están destinadas a un público minoritario e culto, capaz de ler e gozar dunha arte elevada (*Farsas para títeres*, *Proceso en Jacobusland*). Mais tamén escribiu obras teatrais destinadas a un público maioritario, non acostumado a ler, ao que había que ir introducindo pouco a pouco nunha cultura galega superior *Teatro prá xente*.

ENSAIO

Os autores do exilio continúan o labor iniciado polo “Grupo Nós” e os membros do Seminario de Estudos Galegos antes da guerra. Cabe resaltar *Sempre en Galiza* de Castelao, composto por materiais moi heteroxéneos, escrito en épocas diversas e en diferentes circunstancias, marcadas sempre pola condición de desterrado ou exiliado. O elemento que dota de unidade e sentido esta obra é o feito de ser un tratado de patriotismo galego.



No ano 1944 foi publicada en Bos Aires a primeira edición de *Sempre en Galiza*. A obra é unha combinación de reflexións sobre a historia, a cultura, os problemas e a identidade de Galicia. Este libro foi e segue a ser o símbolo da cultura e do país galego, pois representa o desexo dunha nación galega que quere ser libre e estar situada á mesma altura que outras culturas e pobos.